

1 Líder BASKET

E
Estudiantes
Lugo

ENSINO
LUGO

66

52



CABALO DE TROYA

Estudiantes Azul impúxose ao Ensino Lugo nun partido espectacular, con Manuel Durán como máximo anotador. Os de Andrés Corral contiveron mellor as emocións no treito final para desnivelar o encontro ao seu favor no Anexo

REPORTAXE

Lugo Sala exhibiu músculo

O club lucense presentouse con 17 equipos de base e a creación do conxunto sénior como principal novidade

SELECCIÓNS

Parón para perfilar os combinados

Adestramentos dos cadetes e de minibasket e primeiro Torneo oficial para as Seleccións Galegas infantís

JÚNIOR MASCULINO

Estudiantes ponse a 110

Ainda que o máis destacado do encontro disputado polos de Marcos López non foi o apartado ofensivo, xa que pese a sobrepasar os cen puntos o traballo defensivo foi o protagonista





Janusevicius lanzando a canastra ante un defensa rival no Anexo

A defensa do Estudiantes non mira ao marcador

RECITAL DEFENSIVO DOS DE MARCOS LÓPEZ nun partido que xa sentenciaran nos primeiros dez minutos

110		40	
ESTUDIANTES		SIGALTEC	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
Janusevicius	33	Arufe	
Luis	22	Barreiro	
Iván	15	Chorén	
Diego	4	Kovac	
Iago	4	Noya	
Mark	23	Álvarez	
Trabado	2	Rodríguez	
Oloqui	5	Loureiro	
Pedro	2	Martínez	
Jorge		Porto	
Alberto		Castaña	
		cabezas	

“Estoy contento con la intensidad defensiva del equipo. Esta es la línea a seguir”

MARCOS LÓPEZ Estudiantes Lugo

e merecido 110-40.

Próxima xornada

O conxunto de Marcos López viaxa a Porriño para medirse con PBB, un conxunto que suma tres vitorias e unha derrota neste inicio de tempada, polo que pode ser unha proba esixente para un Estudiantes que segue mostrándose como o gran rival a bater esta tempada na Liga Galega júnior masculina.

Estudiantes segue sen ceder opcións na Liga Galega júnior masculina. O conxunto de Marcos López está facendo sinxelo o máis complicado, e é que unha vez que rompe o marcador ao seu favor segue coa mesma intensidade que ao comezo do encontro ou si o partido continuase sendo igualado.

Na última cita, a cuarta xornada de Liga, recibiron a Sigaltec no Anexo nun partido adiantado ao pasado xoves. Estudiantes saltou á pista coa mellor das predisposicións e non tardou en desnivelar o marcador ao seu favor cun baloncesto brillante. A intensidade defensiva propiciou ata-

ques rápidos e fluidos ante un Sigaltec que intentou ser duro en defensa pero viuse superado polos celestes, que cortaron as liñas de pase e dominaron o rebote para manter un goteo constante de canastras para levar o marcador ata o 32-10 co que finalizou o primeiro cuarto.

A partir de aí as rotacións mantiveron o listón alto e Estudiantes conseguiu o máis complicado; seguir defendendo coa mesma intensidade pese a que a diferenza no marcador íase aumentando co paso dos minutos ata chegar ao descanso con 58-19 no electrónico.

A segunda parte transcorreu polo mesmo guión, con Estudiantes moi metido no partido,

traballando duro en defensa e anotando con moita fluidez por parte de todos os xogadores ata pechar o marcador co avultado



Marcos López ante o seu banquillo nun partido desta tempada

+22

PRIMEIRO CUARTO Estudiantes puxo rumbo fixo cara a vitoria nos primeiros dez minutos. Malia iso, non baixou a intensidade defensiva

33

JANUSEVICIUS de novo máximo anotador estudiantil nun encontro no que Luis, Iván e Mark, tamén remataron con dobres díxitos

+167

PUNTOS EN 4 PARTIDOS Estudiantes anotou 403 puntos nos primeiros catro encontros e tan só encaixou 236



Afinando a posta a punto

ESTUDIANTES SEGUE MEDRANDO e ante Cortegada o bo traballo defensivo e o dominio no rebote guiaron ás de Fernán Varela ata un triunfo cómodo no Anexo

“Tenemos que seguir trabajando e incidir en el aspecto defensivo que nos ayudará a competir ante los mejores equipos de la Liga”

FERNÁN VARELA Estudiantes Lugo

85	43
ESTUDIANTES	CORTEGADA
Xogadora	Pts.
Ana	Caeiro
Zelia	De Angelis
Eva	Santorum
Maria	Monte
Adriana	Barcala
Alba	Fernández
Sabela	Pérez
Yashina	Navarro
Candela	Martínez
Alexia	Chaves
	Nartallo
	Rey

3

VITORIAS Estudiantes mantén o pleno de triunfos nos tres encontros disputados neste inicio de Liga, se ben ten que disputar o encontro aprazado da segunda xornada ante o Celta de Vigo

nas celestes xa estaban acendidas para recibir a un equipo que coñecen ben, pero que era unha incógnita como sería o seu xogo xa que cambiaron de adestrador.

Unha vez comezou o partido os signos de identidade de CLB foron claros, intensidade, defensa individual e moi agresivas para presionar as liñas de pase. Con todo,

Estudiantes segue afinando a súa posta a punto co obxectivo de chegar á súa mellor versión canto antes. Partidos como o desta xornada, adiantando ao pasado xoves, axudan a conseguilo.

Cortegada presentouse no Anexo tras gañar a Pio XII, polo que as alertas



Sabela, Eva e Yashina felicitándose durante un encontro disputado no Anexo

en fronte atopáronse unha moi boa versión de Estudiantes.

As de Fernán Varela tomaron o mando no marcador desde os primeiros minutos cun primeiro parcial de 26-14.

Sen deixar marxe para

que as visitantes puidesen reaccionar ou sentirse cómodas sobre a pista no Anexo, Estudiantes gustouse no segundo parcial, no que a defensa e o dominio no rebote secaron a un Cortegada que se quedou en tan só

sete puntos nos segundos dez minutos.

Ao descanso chegoase con 47-21 no marcador, o que propiciou unha certa relaxación ao comezo da segunda parte nas celestes, de aí a que o terceiro parcial fose o máis igual-

15

NOVEMBRO NO ANEXO

Estudiantes disputará o encontro aprazado ante o Celta de Vigo a partir das 20:00. Os dous equipos xa se mediron na final da Copa Galicia esta pretempada

lado, 18-17.

As rotacións foron de moita calidade, e con elas o equipo volveu despegar nos últimos dez minutos nos que deixaron ao seu rival en tan só cinco puntos, mentres que en ataque atoparon solucións para irse ata os 20 e deixar o marcador final nun claro e contundente 85-43.

Próxima xornada

Estudiantes viaxará a Porriño ante de recibir o próximo día 15 ao Celta de Vigo no Anexo, nun partido ao que as lucenses esperan chegar invictas.

Celta exhibiu potencial no Anexo

O ENSINO, GUIADO POR MARINA, cedeu coa cabeza alta ante un rival superior



Marina roubando un balón ante Carmen e Leboeiro

50	78
ENSINO	CELTA
Xogadora	Pts.
Marina	23
Maite	3
Nuria	5
Leboeiro	5
Natalia	2
Uxia	Fernández
Tania	2
Carmen	10
Natalia G.	Vidal
	Freire
	Neira

“Nunca tuvimos opciones de ganar este encuentro ante un rival que estará entre los mejores equipos en el próximo Campeonato de España”

MIGUEL LÓPEZ Durán Maquinaria Ensino

puntos como a súa principal arma ofensiva.

O Durán Maquinaria Ensino tamén tivo a súa, con Mariña Canzobre. A xogadora do Ensino foi imparable por momentos para o mellor equipo galego e foise ata os 23 puntos ao final do encontro.

Un partido que comezou ao grande, cun primeiro parcial a favor do Ensino de 5-0. Con todo, a reacción visitante non se fixo esperar e con dous triplos e unha canastra de dous nos seus tres seguintes ataques xa tomaron o mando do encontro.

O primeiro parcial terminou con 15-22, pero sería no segundo e o terceiro nos que o Celta exhibiu todo o seu potencial. Tanto defensivo, deixando a Ensino en 6 puntos no segundo e

terceiro cuarto, como en ataque ao asinar 19 e 20 puntos respectivamente.

Lonxe de baixar os brazos no Anexo, o Ensino fixo un moi bo último cuarto no que anotaron tres triplos, roubaron balóns e

puideron atacar en superioridade para anotarse o último parcial, 23-17, ante o mellor equipo galego de baloncesto júnior feminino.

Na próxima xornada o Ensino viaxará a Pontevedra para medirse co Aril.



Marina, que rematou con 23 puntos, ante una rival



Uxia coa pelota de costas a dúas xogadoras rivais

As Seleccións Galegas cadete seguen moldeándose

SEIS REPRESENTANTES LUCENSES: Fernán Varela como adestrador feminino, que ademais citou a Yashina e Natalia García. Ao combinado masculino acudiron Olloqui, Pedro e Jorge Pillado

A pasada fin de semana tivo lugar en Santiago, no colexio Junior's, unha concentración das seleccións cadete feminina e masculina de Galicia de cara a preparar o campionato de España que se celebrará en Huelva, en xaneiro de 2019.

Os representantes lucenses nestra concentración foron, Fernán Varela, como adestrador do combinado feminino e os estudantes Yashina Lebron, Jorge Pillado, Pedro Fernández e Jose Olloqui, así como a xogadora canaria Natalia García, becada polo Ensino Lugo.

Esta é a cuarta concentración no que vai de temporada, xa que previamente se reuniran en dúas ocasións en setembro e



Yashina e Natalia, as dúas seleccionadas femininas, loitando por un balón no derbi

outra máis en outubro. Por diante, ata a data do Campionato, está planificado que se xunten noutras catro ocasións para configurar definitivamente a lista de 12 xogadores e xogadoras que represen-

tarán a Galicia no torneo nacional.

O pasado domingo tanto o equipo masculino coma o feminino disputaron un encontro a nivel interno para finalizar a concentración. Se as

datas o permiten, a idea é que nunha das próximas concentracións se celebre un torneo para poder competir a un ritmo un pouco máis esixente, aínda que, en palabras de Fernán Varela, seleccionador

“Estamos muy contentos con como está yendo la preparación y con el trabajo que se está realizando. Deseando que llegue el campeonato” **FERNÁN VARELA** Seleccionador Feminino

2

XOGADORAS foron convocadas nesta ocasión para a selección feminina. Trátase da celeste Yashina Lebron e de Natalia García, do Ensino

3

XOGADORES CELESTES estiveron concentrados con Tito Díaz na selección cadete masculina: Jorge Pillado, Pedro Fernández e Jose Olloqui

As Preseleccións Galegas infantís disputaron o primeiro torneo oficial da presente tempada

A xa tradicional cita co “Torneo Infantil Olmedo, ciudad del Caballero” contou coa participación dos nosos combinados autonómicos nesta categoría, compartindo competición coas tamén seleccións infantís de Madrid e Castilla y León, e os equipos cadetes: Ponce Valladolid (feminino) e CBC Valladolid (masculino).

O torneo, organizado pola Federación de Castilla y León, disputouse ao longo das xornadas do sábado e domingo. Galicia masculino foi o primeiro equipo en participar no partido que os mediou con Castilla y León, que rematou con 46-53 no marcador. No segundo encontro masculino o cadro galego caeu ante Valladolid, 60-54, e despediu a súa participación dando a sorpresa ao impoñerse a Madrid, 64-66.

Na categoría feminina Galicia perdeu con Castilla y León 65-75, tamén cedeu ante Ponce, 55-52 e coma no cadro masculino, rematou a súa participación con vitoria ante Madrid, 64-87.



Marta e Sara, do Estudiantes, foron as representantes lucenses



Antón, Joel, Manuel e Javi Peinó formaron parte da Selección infantil masculina

Lugo acolleu o Programa de Detección e control



Planet Mini toma forma

O próximo 22 de decembro está fixado no calendario como punto de partida para os xogadores e xogadoras nados

en 2007-2008 e 2009 que queiran formar parte desta experiencia pioneira que contará co Club Ori- gen Bierzo como invitado.





Santi trata de irse co balón entre Rafa e Nacho

ESTU AZUL	PTS.	ENSINO	PTS.
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Andrés	7	Sixto	
Iago	20	Hugo	
Rafa	3	Mario	11
Javi		Yoel	
Lucas	3	Samuel	14
David		Nicolás	6
Durán	22	Iago	1
Jaime	8	Pablo	
Pablo	3	Santi	20
Borja		Sebas	
Nacho			
Dani			

Estudiantes Azul impúxose no partido máis destacado da xornada ao Ensino Lugo nun duelo de poder a poder e emocionante ata os minutos finais, nos que o conxunto que dirixe Andrés Corral soubo manter a cabeza fría nas posesións comprometidas para levarse o encontro.

O inicio de partido estivo marcado polo acerto e o bo baloncesto entre os dous equipos. Estudiantes levou o mando no marcador con lixeiras vantaxes, pero ao final do primeiro cuarto o resultado era axustado, 15-12.

Os de Adrián González

deron un paso á fronte ao comezo do segundo parcial, poñéndose por diante no marcador cunha defensa sólida. Pero a reacción celeste chegou antes do descanso para empatar o segundo cuarto, 17-17, e chegar ao descanso con máis tres no electrónico, 32-29.

A segunda parte foi un intercambio de golpes, sempre con Estudiantes por diante no marcador pero co Ensino amagando coa remontada. Ao último cuarto chegouse con cinco puntos de vantaxe para Estudiantes, pero aínda quedaban por diante dez minutos de emoción.

Os dous adestradores exprimieron as súas cartas. Estudiantes púxose con dez puntos de vantaxe, pero Adrián González parou o partido con tempo morto e Ensino chegou a poñerse a catro puntos con posesión. Andrés Corral tamén cortou a sangría cun tempo morto co que cortou o ritmo de

Estudiantes contivo mellor as emocións

OS DE ANDRÉS CORRAL minimizaron os erros nos momentos clave dun encontro frenético e emocionante disputado no Anexo

“Gran victoria contra un rival directo y complicado. Felicito a los jugadores por su esfuerzo”

ANDRÉS CORRAL Estudiantes Azul

“Se pudo ver un gran partido, pero cometimos errores que no nos permiten competir del todo”

ADRIÁN GONZÁLEZ Ensino Lugo

Ensino, propiciando un apagón que se acrecentou nos minutos finais con varias accións precipita-

das coas que Estudiantes se alzou coa vitoria nun partido de altos voos no Anexo.



O ensinista Nico por diante do celeste Jaime Zapico



Iago Carreira cara o aro entre Yoel e Santi



Mario trata de evitar un pase do celeste Rafa Rossi

O MGR Sarria pegou dende lonxe

SAN CIPRIÁN		MGR SARRIA	
51		47	
Xogador	P.	Xogador	P.
Miguel	6	Iago López	
Luis		Eros	
Manuel	5	Carlos	
Alex		Héctor	
Hugo	18	Esteban	
Martíño	2	Juan	
Diego	5	Iago Chao	
Mario	15	Martin	
		Florian	

“Mala intensidad del equipo a lo largo de los 40 de juego”

MANOLO COBAS San Ciprián

“Partido competido hasta el final. El estado de humedad del parquet perjudicó a ambos equipos y propició un ritmo más lento de lo habitual”

XABI LÓPEZ-ACEVEDO MGR Sarria

A defensa guiou ao CB Viveiro

CB VIVEIRO		SAGRADO C.	
56		32	
Xogador	P.	Xogador	P.
Michael	4	JaviG.	
Alex		Iván	2
Luis C.	2	Juan	8
Agustin	4	Pablo R.	1
Sergio	12	Alex	6
Brais	14	Yago	
Xosé	20	Dani	12
		Javi S.	3
		Alberto	

“Conseguimos dominar el partido desde la defensa, en ataque estuvimos muy lentos y con poco acierto”

SEBAS CB Viveiro

“Logramos tener cierta mejoría, pero no tuvimos el acierto necesario”

RUBÉN ENGRROBA Sagrado Corazón

O despegue foi na segunda parte

ESTU ROJO		ORAL DESIGN	
75		26	
Xogador	P.	Xogador	P.
Andrés	10	Slatel	
Pablo	7	Xabi	
Alex B.	10	Tomás	
Juan	13	I. Arza	
Jorge	12	Unax	
Germán	6	Antón	
Alex J.	4	Miguel	
Juan	9	Marco	
Samu	6	Urko	
		Hugo	
		S. Pernas	
		I. Yáñez	

“Partido para coger buenas sensaciones de cara a los próximos encuentros”

JESÚS PLACER Estudiantes Rojo

“Partido con mucho ritmo y muchos errores. Buen trabajo de los cuatro infantiles”

RUBÉN PERNAS Oral Design

San Ciprián, CB Viveiro e Estudiantes Rojo completan a nómina de gañadores da terceira xornada, que deixou na Veiga o partido máis axustado.

Os locais levaron a vitoria no último cuarto despois de tres períodos de iniciativa do MGR Sarria, que se valeu do tiro exterior para manter unha vantaxe que chegaron a ampliar ata 12 puntos no terceiro cuarto. Nese momento crítico, o Burela respondeu coa súa maior fortaleza no xogo interior e comezou a recurtar distancias. A reacción local culminárase no derradeiro período cun parcial de 14-5 que lle deu a volta ao marcador.

Os de Manolo Cobas sitúanse no alto da táboa con tres vitorias, as mesmas que Estudiantes Rojo, que resolveu con máis comodidade o seu enfrontamento co Oral Design no Anexo. Os sarriaos non se desenvolveron ben no ritmo alto imposto polos locais aínda que, na primeira parte, tra-

taron de darlle resposta cortando as transicións e intentando ter presenza no rebote ofensivo. Na segunda parte o cansazo e a precipitación ante o escaso acerto en ataque deixou vía libre a Estudiantes, que rompeu o encontro definitivamente no terceiro cuarto levando a diferenza ata os 31 puntos.

Pola súa parte, CB Viveiro logrou ante Sagrado Corazón a primeira vitoria da temporada. Nun partido de pouco brillo en ataque, os viveirenses asentaron o seu dominio no traballo defensivo que lles permitiu manter a vantaxe incluso nos mellores momentos dos capitalinos, no terceiro cuarto do encontro. Os de Rubén Engroba tiveron tras o descanso a opción de engancharse ao partido recurtando a diferenza por debaixo dos dez puntos, pero os erros en canastras fáciles mermaron as súas opcións. Despois, o CB Viveiro apertou e pechou o partido cun contundente 18-5 no derradeiro período.

22

PUNTOS DE DURÁN, que foi o máximo anotador da xornada no partido que disputou ante o Ensino Lugo no Anexo co Estudiantes Azul

4

EQUIPOS INVICTOS tras a disputa da terceira xornada da competición: San Ciprián, Estudiantes Rojo, Estudiantes Azul e Ria de Ribadeo, que ocupan as primeiras posicións da táboa

4

PUNTOS DE DIFERENZA no marcador final do partido entre San Ciprián e MGR Sarria, o máis axustado da xornada. Os de Mariño levaronse o choque cun último parcial de 14-5



Antonio coa pelota defendido por Yishak, do Sagrado C.



Mateo, Franciscanos, nun contraataque ante Jorge



Pablo nunha acción de ataque seguido por Pablo de AXSC

Máis diferenza na segunda parte

ESTUDIANTES		ELEVADORES	
38		57	
Xogador	P.	Xogador	P.
Nayo		Slatel	
Javier		Martin	
Adrián		Anxo	
Martin		Julio	
Manuel V.		Christian	
Fernando		Álvaro	
Diego Camba		Fausto	
Marcos		Xabelo	
		Brais	

"Partido difícil en el que dimos la cara en todo momento"

ZAIDA IGLESÍAS Estudiantes 06

"Partido muy interesante para los infantiles de primer año y los alevines que participaron activamente en el encuentro"

RUBÉN PERNAS AG Elevadores

Ensino marcou o ritmo no inicio

ESTUDIANTES		ENSINO	
	19		69
Xogador	P.	Xogador	P.
Miguel		Rami	1
Marcos		Sergio	4
Jose		Deigo	9
Diego Gay		Miguel	16
Alexandre		Jorge	
Victor Fraga		Jesús	2
Nicolas		Pablo	13
Carlos		Alex	3
Diego Pérez		Alfonso	2
Senén		Nico	13
		Elias	6

"Hay que seguir trabajando en todos los aspectos del juego para poder mejorar"

JOSE CASTRO Estudiantes 05

"Buen trabajo del equipo de principio a fin. Contento con el esfuerzo de todos los jugadores"

ALFONSO FRANCO Ensino

MGR Sarria gañou no sprint final

AC. A MARINÁ		MGR SARRIA	
	57		65
Xogador	P.	Xogador	P.
Fabio	4	Xavi	
Mateo	5	Christian	
Pablo	13	Antón	
Álvaro	21	Dani	
Hugo	7	Izam	
Simón	2	Urko	
Nico	5	Pablo	
David		Oscar	
Xoel		Pablo	
Dani			
Sergio			
Jorge			

"Fuimos claramente de más a menos durante el partido"

MANOLO COBAS AC. A Mariña

"Tenemos que ser más competitivos durante todo el encuentro, no solo apretar para ganar al final del partido"

JAVI MOYA MGR Sarria

Superioridade de Sagrado Corazón

AXSC		FRANCISCANOS	
68		18	
Xogador	P.	Xogador	P.
Pau	3	Pablo	
Julian	9	Javi	
Jorge	4	Mateo	
Pablo	30	Santi	
Yishak	2	Isma	
Gabriel	3	Pablo	
Samuel	17	Martin	
		Bosco	
		Pablo	
		Antonio	
		Brais	

"Creo que se vio más diferencia en el marcador final de lo que se vio sobre la pista"

RUBÉN ENGRUBA AXSC

"Me alegra mucho ver que el equipo fue capaz de competir durante los cuarenta minutos"

ÁNGEL RIOBOO Franciscanos

Póker de invictos tralas primeiras citas

ENSINO, CIDADE DE LUGO, SAGRADO CORAZÓN E MGR SARRIA suman por vitorias os encontros disputados na Segunda División

31

PUNTOS Carlos Bris, do CB Viveiro, foi o máximo anotador da xornada infantil masculina. O marriño suma 81 en total no que vai de temporada

Ensino impúxose con claridade no derbi con Estudantes 05 e lidera a clasificación coas mesmas tres vitorias que Cidade de Lugo. Os ensinistas puxeron o partido moi de cara desde o inicio con boas defensas e transicións rápidas que finalizaban en bandexas ou baixo aro, anotando cincuenta puntos na primeira metade por so 17 de Estudantes. Na segunda parte mellorou en defensa sobre todo a partir do peche do marcador.

O Cafés Candelas Ensino colidera a liga con Cidade de Lugo, que logrou o seu terceiro triunfo en Viveiro, nun partido marcado pola renda adquirida polos capitáns no terceiro parcial.

Dúas vitorias suman

O terceiro cuarto foi determinante

CB VIVEIRO		CIDADE LUGO	
62		65	
Xogador	P.	Xogador	
Carlos Bris	31	* Non facilitada	
Luis Fdez.	18		
Rubén Paz	4		
Nicanor	4		
Juan Fdez.	3		
Pablo García	2		
Brais			

"El tercer cuarto fue nefasto y no pudimos recuperarnos. Estamos trabajando poco a poco"

ALEX/JULIO CB Viveiro



O ensinista Ramino baixo o aro ante Senén e Victor



O celeste Víctor e Miguel na loita por un balón ante Diego



Miguel pasar o balón defendido por Victor, Diego e Carlos

Sagrado Corazón, que se impuxo a Franciscanos, e MGR Sarria, que acabou sacando adiante un partido que perdía 24-8 ao final do primeiro periodo. O Burela non puido manter a intensidade defensiva coa que comezou o encontro e os xogadores do Sarria foron afinando a súa interpretación do partido, mostrando un maior dinamismo no xogo de ataque e impedindo os rebotes ofensivos dos locais. Así, antes do descanso recurtraron 10 puntos de diferenza. Tras un terceiro cuarto igualado, nos últimos dez minutos foi polo partido e levou a vitoria.

Foi unha xornada de dobre celebración para o club sarriño, xa que AG Elevadores puido sumar o seu primeiro triunfo da temporada ante Estudantes 06. O choque decidiuse na segunda metade despois dunha primeira de mais igualdade con parciais de 8-14 e 15-11. Tras o descanso os visitantes recuperaron a fluidez en ataque dos minutos iniciais e foron abrindo distancia ata deixar o marcador no 38-57 definitivo.

De cara á próxima xornada o duelo máis atractivo a priori será o que mida a Ensino e Sagrado Corazón.



A DEPUTACIÓN
DE LUGO
CO DEPORTE

LUGO SALA

O CLUB CAPITALINO exhibiu músculo tras presentar aos seus 17 equipos de base e ao conxunto sénior, unha das principais novidades desta temporada



Foto de familia de xogadores, adestradores e autoridades no acto de presentación dos dezaioito equipos no Pazo Municipal dos Deportes de Lugo | Kilian Fotógrafo

O Lugo Sala organizou este domingo o acto de presentación oficial da temporada 2018-2019 no que á nutrida base, en continuo crecemento desde o nacemento do club, se suma un conxunto sénior, creado a partir dun convenio co CD Lugo. O cadro dá continuidade deportiva a rapaces que se formaron nas categorías inferiores e preséntase coma un proxecto a longo prazo, avalado por un bo inicio de temporada na Preferente Galicia.

Categorías inferiores

Dezasete equipos, de biberón a xuvenil, forman a estrutura de base do club lucense, na que traballan once adestradores e que dirixe Félix Julio, técnico tamén do primeiro equipo. O club, que contaba con medio cento de nenos na súa primeira temporada, suma xa máis de douscentos e aspira a medrar tamén en canto á representación feminina na súas filas, que agora se limita a dúas xogadoras.

Torneo Nadal

O club capitalino ultima a segunda edición do Torneo de Nadal de fútbol sala base co "cupo de equipos case completo" apenas dúas semanas despois de abrirse as inscricións. A cita reunirá 60 conxuntos galegos na fase autonómica, o 29 e 30 de decembro, e continuará coa fase nacional, do 2 ao 4 de xaneiro, á que se sumarán equipos do resto do Estado, convidados pola organización.

Actividade social

Ademais do crecemento deportivo, o Lugo Sala comezou a temporada co obxectivo de dar un paso máis no plano social e estreitar lazos co tecido asociativo de Lugo, unha liña marcada pola directiva da entidade desde o inicio. Así, na posta de longo deste domingo estivo presente FEAFES, unha entidade coa que o club colabora impartindo clase de fútbol sala para os usuarios.



Bo ambiente na comida no Pazo de Feiras | Kilian Fotógrafo



O Deputado Pablo Rivera saudando | Kilian Fotógrafo



Félix Julio, director da Escola Lugo Sala | Kilian Fotógrafo



Raúl Freire, cortador de xamón, servindo unha mesa

O acto dedicouse ademais a promocionar e dar voz ao traballo da Protectora de Animales y Plantas de Lugo. O club colabora activamente durante toda a

temporada na recollida de alimentos e roupa para as asociacións que atenden a colectivos desfavorecidos.



A DEPUTACIÓN
DE LUGO
CO DEPORTE

